# EDUCAR EN VERDE

## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

## POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Imedes




**GUÍA PARA LA ELABORACIÓN DE UN PLAN MUNICIPAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL.**
Consejería de Desarrollo Sostenible JCCM, Federación de Municipios y Provincias de Castilla-La Mancha, 2024.

A presente guía é unha ferramenta sinxela para axudar a elaborar plans de educación ambiental (centrada en Castela-A Mancha), facilitando a información básica necesaria para o seu deseño. A implementación destas iniciativas a nivel municipal, fortalecerá a conexión dos cidadáns coa súa contorna natural, e tamén promoverá un sentido de responsabilidade compartida para a sustentabilidade local e global.

**Descárgao en** [https://bit.ly/43RuNqz](https://bit.ly/43RuNqz)

**CINCO IDEAS PARA ENTENDER LA CRISIS CLIMÁTICA.**
Tébar Flores, 2025.




Alfonso Peña Rotella

Para convidar aos nenos/as a que sexan os principais protagonistas dun cambio no cal os adultos temos que ser os primeiros en crer e dar exemplo. Na casa, na escola, de forma individual e en grandes equipos. Pequenos xestos e accións do día a día para provocar ese cambio. Actuando, non por medo a que pasará se non o facemos senón porque coas nosas accións estaremos a respectar o lugar onde vivimos, a nosa casa.

**En préstamo en** Biblioteca [CEIDA(Oleiros)](CEIDA(Oleiros))

Belén Ballesteros Velázquez, Inés Gil-Jaurena(coord.)




**EL PATIO ES MI ESCUELA.** UNED, 2025.

Os patios escolares constitúen un lugar privilexiado de aprendizaxe e relación, onde nenos e nenas teñen maiores oportunidades de descubrimento e exploración, xogo libre, expresión e movemento, autonomía e convivencia. É no momento actual cando empeza a repensarse o deseño e uso dos patios escolares, recollendo demandas urxentes da nosa sociedade: sustentabilidade, inclusión, coeducación e participación comunitaria.

**En préstamo en** ➔ Biblioteca CEIDA(Oleiros)

**PEQUEÑOS ANIMALES HUÉRFANOS.** GREFA (Grupo de Rehabilitación de la Fauna Autóctona y su Hábitat).

O obxectivo de GREFA é concienciar á poboación sobre os principais problemas que afectan á fauna silvestre do noso país, e transmitir todo o que realízase a favor da conservación da natureza, como é a creación de espazos naturais, a cría en catividade e a liberación de animais, entre outras accións. A maiores dos cuadernillos, hai tamén materiais como fotografías, cómics, vídeos e xogos, e incluso pódese realizar unha visita virtual á 'Natureza viva',




PDF

Isabel Moreno, Lucía Montilla

**Descárgao en** ➔ https://bit.ly/4cg1HmI




Susana Gómez Redondo, Anabel Paraná Díaz (Coord.)

**LOS BOSQUES, REFUGIO Y ESCUDO FRENTE AL CAMBIO CLIMÁTICO.** CESEFOR, 2021.

Unha guía básica para traballar na aula o cambio climático e a súa relación cos ecosistemais forestais en xeral e os bosques sorianos en particular. Dividido en catro unidades (o clima; o cambio climático; os bosques e, finalmente, os bosques como escudos).Coa fin de que o alumnado adquira unha aprendizaxe cada vez máis significativo. Deste xeito, o proceso comeza por abordar os conceptos máis globais profundando cada vez máis neles, para concluír a súa aplicación nunha contorna coñecida.

**Descárgao en** Caderno alumno
Caderno profesorado

**REVISTA PANDA JR. Y PANDILLA.** WWF España-ADENA, 2024.

Con esta revista trimestral Panda nos informan da actualidade ambiental e das actividades e proxectos que levan a cabo en terreo en defensa da natureza. Está chea de historias fascinantes, pasatempos e datos curiosos. Panda Junior infórmache sobre os seus proxectos e en cada número destacamos unha especie no póster.Pandilla, para peques de ata 7 anos, e Panda Jr para mozos de ata 14 anos.




Amalia Maroto (coord.)

**Descárgao en** https://bit.ly/4iPK6Vi




Paco Cerdeira 'PAKOLAS'

**ECORALIA A LAMBONA ECOLÓXICA.** CRAEGA (Consejo Regulador de la Agricultura Ecológica de Galicia), 2024.

Un libro destinado a un público de ata 12 anos, Unha ferramenta educativa que combina música e lectura para transmitirlles aos máis pequenos a importancia da alimentación e do coidado do medio ambiente. Desde Craega buscan fomentar valores como a sostibilidade e o consumo responsable dun xeito lúdico, facendo que a aprendizaxe sobre alimentación ecolóxica sexa divertida e inspiradora.

**Descárgao en** https://bit.ly/4lcu2OM

**En préstamo en**
Biblioteca CEIDA(Oleiros)
Bibliotecas Públicas:Neda,Tui,As Neves,Burela,Guitiriz

**UN ANO ENTEIRO.** Kalandraka, 2025.

Unha historia para coñecer os meses do ano e o ciclo das estacións, ademais de sensibilizarnos sobre a importancia do coidado da natureza.
Aborda o ciclo anual e cemo se forxa unha grande amizade entre criaturas diferentes que se axudan nos momentos difíciles.O escenario renóvase en cada páxina amosando os fenómenos meteorolóxicos —neve, chuvia e vento, sol, distintos tipos de nubes...— propios do paso do tempo.




Leo Lionni

**En préstamo en**
Biblioteca CEIDA(Oleiros)
Bibliotecas Públicas: Pontedeume

Luis Navarro, Juan Hernanz(il.)




**ROMPEPIEDRAS Y LA FAMILIA BIÓLOGA.**
LUIS NAVARRO, 2024.

Con este álbum ilustrado dan comezo as aventuras da familia bióloga. Orientados a fusionar ciencia e arte para concienciar sobre os valores ambientais do planeta.Para combatir a «cegueira botánica», axudando a pequenos e maiores a entender o papel esencial das plantas nos ecosistemas e promovendo o respecto pola natureza desde unha idade temperá.

**En préstamo en** Biblioteca CEIDA(Oleiros)

**LOS TESOROS DEL JARDÍN (Les trésors du jardin): JUEGO DE OBSERVACIÓN Y RAPIDEZ.** Moulin Roty, 2021.

Xogo de observación, no que o taboleiro é un xardín ilustrado con acuarelas, rico en cores e divertidos animais. Ofrece todo o necesario para iniciar aos máis pequenos no descubrimento da natureza, a través de todas as estacións do ano: poden converterse en botánicos observando e xogando coa flora e a fauna, remover a terra coas mans para descubrir os segredos das froitas e as verduras converténdose en xardiñeiros ou poñerse na pel dun explorador saíndo a descubrir novos horizontes.




Moulin Roty

**En préstamo en** Biblioteca CEIDA(Oleiros)

ABRIL 2025

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

## FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



## SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

+INFO https://bit.ly/2mPg90v

CEIDA CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA
DOMINGO QUIROGA CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
Deputación DA CORUÑA
para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA